

**WORKSHOP DE ESTUDOS MEDIEVAIS  
(Porto, 7-8 abril de 2016)**

O posicionamento de *L'Espurgatoire Seint Patriz* no marco da tradición das visións do Outro Mundo.

A maior parte da crítica coincide en incluír o *L'Espurgatoire Seint Patriz* de María de Francia na ampla tradición medieval de visións do Máis Alá. É certo, tamén nesta narración o personaxe principal do relato penetra nos recunchos do Purgatorio e do Paraíso para observar unha contía variable de sufrimentos, e de beneplácitos, que un mal ou bo comportamento mundano reporta no Outro Mundo. Mais, malia a importante cantidade de marcas formais ou argumentais que esta obra comparte con moitas outras que a precederon (véxase, por exemplo, a *Peregrinatio Sancti Brendani* de Benedeit, a *Visión de Carlos o Gordo* e mesmo a *Visio Drythelm*), a singularidade particular das súas desemeallanzas convértena nun notable punto de inflexión sobre os relatos do Máis Alá e do seu contexto de produción. Con razón un dos estudosos máis críticos cos estudos filolóxicos previos, así como un autor íntegro e consecuente coa súa reflexión, P. de Wilde (2000), chegaría a considerala xa fóra desta tradición haxiográfico-literaria, por causa dunha insólita inclusión.

No noso estudo aspiramos a abordar esta temática presentando en primeiro lugar as teses e argumentacións fundamentais que sustentan os variados xuízos que se manexan a este respecto. Pasaremos logo a analizar, con maior detalle e na medida en que a novidade do asunto nolo permita, a problemática profunda, de natureza teolóxico-filosófica, da que emerxe esta discusión. Porque, alén do autor xa mencionado, que semella ser consciente da importancia que supuxo esta narración, ningunha outra voz ou estudo posterior ten encarado a enigmática dificultade que, no século XII, presenta un relato que racha co tradicional dualismo antropolóxico do cristianismo e da Academia de Platón. O noso esforzo, polo tanto, pretende realizar un achegamento cara a aqueles aspectos que, implícitos e parciais no corpus bibliográfico dispoñible, desempeñan unha función explicativa de carácter histórico e estrutural.